

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Música A Fábrica de Oleiros

A N U N C I O

O pleno municipal, na súa sesión celebrada o día 29 de novembro do 2012, acordou a aprobación inicial do “REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS”. De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días contados a partir do seguinte da súa publicación (BOP 240 de 18-12-2012) para a presentación de alegacións. Transcorrido o antedito prazo e presentadas alegacións que foron resoltas polo Concello Pleno na sesión do día 27 de marzo de 2013, na cal foi definitivamente aprobado o texto definitivo, se procede a publicación íntegra do “REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS“ para a súa entrada en vigor:

“REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA A FÁBRICA DE OLEIROS

Exposición de motivos

Capítulo 1.- Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

Artigo 2.- Obxectivos da EMMO

Artigo 3.- Beneficiarios/as do servizo

Artigo 4.- Requisitos de idade mínima dos/das solicitantes

Artigo 5.- Beneficiarios/as con necesidades educativas especiais ou específicas (NEE)

Artigo 6.- Estrutura das ensinanzas

Artigo 7.- Calendario escolar

Artigo 8.- Horario

Artigo 9.- Sede da escola

Capítulo 2.- Estrutura organizativa da Escola Municipal de Música

Artigo 10.- Órganos de goberno

Artigo 11.- Dirección da Escola Municipal de Música

Artigo 12.- Xefatura de estudos

Artigo 13.- Secretaría

Artigo 14.- Claustro docente

Artigo 15.- O Consello Escolar

Artigo 16.- Réxime de funcionamento dos Órganos Colexiados da EMMO

Capítulo 3.- Procedemento e prazos de matrícula

Artigo 17.- Renovación de matrículas

Artigo 18.- Solicitudes de novo ingreso

Artigo 19.- Formalización da matrícula

Artigo 20.- Procedemento de matrícula

Artigo 21.- Cobertura de prazos durante o curso escolar

Artigo 22.- Baixa dos/das usuarios/as da Escola Municipal de Música

Capítulo 4.- Condicións de emprego das instalacións e materiais

Artigo 23.- Uso das instalacións, mobiliario e material do centro

Artigo 24.- Préstamo do fondo instrumental municipal

Artigo 25.- Préstamo das uniformidades municipais para as agrupacións da EMMO

Capítulo 5.- Tarifas ou prezos públicos

Artigo 26.- Tarifas ou prezos públicos

Capítulo 6.- Dereitos e deberes das persoas usuarias

Artigo 27.- Dereitos das persoas usuarias

Artigo 28.- Deberes dos/das usuarios/as

Capítulo 7.- A Banda Sinfónica da Escola Municipal de Música

Artigo 29.- Natureza da Banda Sinfónica da EMMO

Artigo 30.- Organización e funcionamento da Banda

Capítulo 8.- Infraccións e sancións

Artigo 31.- Infraccións

Artigo 32.- Sancións

Artigo 33.- Garantías procedimentais

Artigo 34.- Prescrición e Cancelación

Disposición final

Anexos

Anexo 1.- Cadro do proceso de matrícula

Exposición de motivos

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece no capítulo VI, ensinanzas artísticas, sección primeira, ensinanzas elementais e profesionais de música e danza e no artigo 48.3º, organización, que poderán cursarse estudos de música que non conduzan á obtención de títulos con validez académica ou profesional en escolas específicas, con organización e estrutura diferentes e sen limitación de idade.

Por outra banda, a Orde do 11 de marzo de 1.993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia regula as escolas específicas de música da comunidade autónoma de Galicia ás que fai referencia a LOE, resaltando a especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. Recóllese nesta orde o relativo a: finalidade xeral, obxectivos, a estrutura das súas ensinanzas, a organización, as condicións para o seu funcionamento e, finalmente, as orientacións metodolóxicas sobre os ámbitos de ensino.

A Escola Municipal de Música de Oleiros (EMMO) pretende a formación teórica e práctica de músicos afeccionados/as de calquera idade, nos ámbitos instrumentais e vocais, prestando atención ao necesario labor de orientación cara aos estudos profesionais de quen se manifeste especial dotado e apto. Asemade, tenderá á difusión dos valores formativos da música en xeral entre o seu alumnado.

A Escola Municipal de Música de Oleiros encamiñará a súa docencia ao alumnado desde os catro anos de idade en diante, orientándoos cara a grupos homoxéneos segundo as súas aptitudes, intereses ou idades. Asemade, e aínda que deberá atender a toda a poboación independentemente da formación, a Escola Municipal de Música prestará especial atención ás vocacións temperáns dos/das máis cativos/as.

A Escola, estará guiada por un xenuíno proxecto educativo do centro que deberá presentar unha oferta educativa flexible en canto á temporalización da docencia, á formación complementaria e a outras opcións formativas.

A Escola de Música promoverá, como un dos seus signos de identidade básicos o traballo musical en grupo, promovendo a asociación dos/das seus/súas alumnos/as en colectivos diversos: tradicional, bandas, agrupacións corais, grupos de música moderna e conxuntos Orff . Froito deste traballo, a agrupación máis senlleira e estable da EMMO é a Banda Sinfónica da Escola Municipal de Música de Oleiros (BEMMO). Esta agrupación musical acolle, fundamentalmente, ao alumnado formado na dita escola e que polas súas aptitudes e actitudes son membros activos dela. Este regulamento tamén ten por obxecto definir a natureza da Banda, os órganos de goberno, as súas funcións, e as normas de participación

dos seus membros. A BEMMO rexeráse por este regulamento e polas disposicións que os órganos do Concello de Oleiros ou da Escola establezan en uso das súas competencias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu título II, capítulo I e artigo 71 dinos no punto 2 que lle corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira atención educativa diferente á ordinaria, por presentar NEE, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento persoal e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. A Escola Municipal de Música de Oleiros, ao abeiro desta lei, promoverá a integración do alumnado con NEE tanto na etapa de Música e movemento como en calquera nivel de especialidade instrumental.

Capítulo 1.- Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

1. Este regulamento ten por obxecto establecer as normas de uso e convivencia para as persoas usuarias da Escola Municipal de Música A Fábrica, no que se refire a: estrutura das ensinanzas; órganos de goberno; calendario escolar; condicións de acceso ás prazas escolares; proceso e calendario das matrículas; aboamento das taxas ou prezos públicos; renovación de prazas e cobertura de baixas ao longo do curso escolar. Ademais regúlase o uso dos espazos, o préstamo da uniformidade das agrupacións e do material didáctico ou instrumental dos que é titular o Concello de Oleiros.

2. A EMMO rexeráse por este regulamento e polas disposicións que os órganos do Concello de Oleiros ou da Escola establezan en uso das súas competencias.

Artigo 2.- Obxectivos da Escola Municipal de Música de Oleiros

Son obxectivos da Escola Municipal de Música:

1. Fomentar o coñecemento e apreciación da música, estruturando estratexias de ensino-aprendizaxe desde os primeiros anos do seu alumnado.
2. Ofertar una formación ampla e diversa, para toda a poboación de Oleiros, sen limitacións por idade.
3. Detectar e orientar aquel alumnado que amose aptitudes e condicións axeitadas, para encamiñalos a un ensino de carácter profesional, ou no seu caso, preparalo para o seu acceso a este tipo de formación.
4. Ofrecer unhas ensinanzas de carácter instrumental, facendo compatibles a formación individual como a de conxunto.
5. Proporcionar unha formación complementaria á práctica instrumental.
6. Fomentar no alumnado a súa participación en agrupacións vocais ou instrumentais.
7. Organizar actuacións públicas, deseñando especialmente actividades didácticas dirixidas aos centros de ensino do noso Concello, para dar a coñecer entre o alumnado destes centros a cultura musical en xeral e mostrar o traballo desenvolvido na Escola.
8. Participar en actos públicos, xunto con outras agrupacións afeccionadas, intercambiando as experiencias formativas.
9. Servir de espazo de formación, tanto a docentes como ao alumnado, en períodos non lectivos (verán, Nadal...), a través de escolas de verán/inverno, cursos, xornadas ou seminarios.
10. Deseñar proxectos específicos de crecemento, consolidación e expansión de cada unha das agrupacións existentes: Banda de Música, Big Band, Orquestra de cordas, Coro de Voces Brancas e outras que se xeren.
11. Programar un circuío estable de actuacións grupais pola rede municipal de centros cívicos, casas do pobo e centros culturais de Oleiros, para deste xeito amosar polos núcleos e parroquias o traballo musical feito.

Artigo 3.- Beneficiarios/as do servizo

1.- Poderán ser beneficiarios/as do servizo público que o Concello de Oleiros presta a través da EMMO:

a) Os/As veciños/as empadroados/as no Concello de Oleiros. A condición de veciño/a comprobarase de oficio no Padrón municipal de habitantes, debendo constar estes/as como "alta" no dito padrón.

b) Os/As veciños/as empadroados/as noutros municipios. A condición de acceso para estas persoas será a de que non impida a ocupación da praza á que queira optar unha persoa empadroadada en Oleiros para ese curso escolar.

2.- Para poder ter a condición de beneficiario/a do servizo público os/as interesados/as deberán acreditar os requisitos dos que se deriva aquela condición ata a data de remate do prazo de presentación da solicitude de praza escolar.

Artigo 4 .- Requisitos de idade mínima dos/das solicitantes

Poderán ser alumnos/as da EMMO aquelas persoas que polo menos teñan cumpridos os catro anos de idade no ano correspondente ao inicio do curso escolar no que desexe matricularse.

Artigo 5 .- Beneficiarios/as con necesidades educativas especiais ou específicas (NEE)

1.- Poderán integrarse na Escola Municipal de Música, os/as usuarios/as con NEE. No seu caso o centro deberá dotar de infraestructura e material didáctico axeitados, e persoal suficiente e formado especificamente para educar nestas necesidades.

2.- En ningún caso poderá haber máis dun neno ou nena de NEE por aula de materias colectivas.

3.- Porén, se houberse máis alumnado de NEE que grupos de materias colectivas onde integrarse, poderase habilitar unha nova aula para este colectivo. A creación desta nova aula estará sempre suxeita ao informe favorable da xefatura de estudos ou da dirección pedagóxica da Escola.

4.- Para os efectos de ratio, cada praza de integración do alumnado con NEE contabilizarase como dobre tanto nas materias individuais como grupais, e no cómputo global de número de matriculados no curso escolar.

Artigo 6 .- Estrutura das ensinanzas**1. Ámbitos e niveis de actuación**

A Escola Municipal de Música de Oleiros, impartirá a docencia segundo a seguinte estrutura pedagóxica:

- MÚSICA E MOVEMENTO (M-M) I e II:

M-M I (Iniciación), para alumnos e alumnas de 4 e 5 anos, asistirán a dúas clases por semana.

M-M II (Formación básica), dirixida a nenos e nenas de 6 e 7 anos, terán dúas clases por semana.

- ESPECIALIDADES INSTRUMENTAIS, segundo os seguintes niveis:

- **Nivel I: Iniciación . Consta de tres cursos: 1º, 2º e 3º curso.**

O alumnado deste nivel, asistirá como mínimo por curso:

- o Ensino individualizado de Instrumento
- o Linguaxe Musical
- o Unha materia optativa, entre varias ofertas

- **Nivel II: Medio. Consta de tres cursos: 4º, 5º e 6º curso.**

- o Ensino individualizado de Instrumento
- o Linguaxe Musical
- o Música de Conxunto (Agrupacións da Escola)
- o Seccionais para os alumnos de Música de Conxunto
- o Unha materia optativa, entre varias ofertas

- **Nivel III: Perfeccionamento. Consta de dous cursos: 7º e 8º curso.**

- o Ensino individualizado de Instrumento
- o Música de Conxunto
- o Seccionais para os alumnos e alumnas de Música de Conxunto
- o Unha materia optativa, entre varias ofertas
- o Unha materia complementaria, a elixir entre varias ofertas

- Clases colectivas: Ofertaranse clases colectivas para os/as alumnos/as de instrumento que puidesen formar parte das agrupacións, coa finalidade de potenciar a futura incorporación a estas.

- Aulas de estudo: Poderase asistir á Escola para a preparación da clase e/ou o estudo individual, en horario libre, sempre que exista dispoñibilidade de aulas e/ou de instrumento.

2.- Especialidades

A escola ofertará como mínimo as seguintes especialidades instrumentais:

Acordeón, baixo eléctrico, batería, bombardino, canto, clarinete, contrabaixo, fagot, frauta, traveseira, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, óboe, percusión, piano, piano moderno, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violoncello.

Artigo 7 .- Calendario escolar

- 1.- O calendario escolar da EMMO, será aquel que determine a Administración autonómica para o Concello de Oleiros.
- 2.- O Concello de Oleiros, poderá dispoñer que se celebren cursos, xornadas, festivais ou ensaios durante os días ou períodos non lectivos. Tamén se poderá dispoñer dos días non lectivos para a recuperación de clases.

Artigo 8 .- Horario

- 1.- Como norma xeral, a docencia da Escola organizarase tendo en conta os seguintes días e tramos horarios:
Luns a venres: de 16.00 a 22.00 h
Sábados: de 10.00 a 14.00 h
- 2.- Excepcionalmente, poderase ter actividade docente fóra dos tramos horarios e días sinalados no punto anterior, sempre e cando así o acorde o Concello de Oleiros.

Artigo 9 .- Sede da Escola

A Escola Municipal de Música A Fábrica de Oleiros, ten a súa sede social no: Centro Cultural A Fábrica, na rúa do Inglés, 13, 15172, Perillo, Oleiros.

Capítulo 2 .- Estrutura organizativa da Escola Municipal de Música**Artigo 10.- Órganos de goberno**

- 1.- Os órganos de goberno da Escola son unipersoais e colexiados
- 2.- Son órganos de goberno unipersoais: a Dirección, a Xefatura de estudos e a Secretaría.
- 3.- Son órganos de goberno colexiados: o Consello Escolar e o Claustro Docente.

Artigo 11.-Dirección da Escola Municipal de Música

Este cargo será exercido pola persoa que ocupe a praza de director/a da Escola Municipal de Música.

1.- Designación.

Cando a prestación do servizo da EMMO se realice por medio dunha empresa interposta, o/a director/a da Escola será designado/a pola empresa adxudicataria da prestación do servizo de acordo co prego de condicións que rexan o contrato. A empresa comunicará ao Concello a designación da persoa que asumirá a Dirección do centro.

Se a xestión se realizara por persoal contratado directamente polo Concello de Oleiros, o/a director/a será nomeado polo/a alcalde/alcaldesa do Concello.

2.- Competencias do director/a:

- a) Representar academicamente á Escola Municipal de Música.
- b) Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións legais vixentes.
- c) Exercer o control de todo o persoal adscrito ao centro.
- d) Dirixir e coordinar todas as actividades da Escola.
- e) Xestionar os medios materiais da Escola.
- f) Visar as certificacións e documentos oficiais da Escola.
- g) Elaborar, xunto coa Xefatura de Estudos, o Proxecto educativo e a programación xeral anual da escola, dacordo coas propostas formuladas polo Claustro.
- h) Convocar e presidir os actos e sesións dos órganos colexiados da Escola e das actividades académicas.
- i) Promover e impulsar as relacións da Escola coas institucións da súa contorna e facilitar a axeitada coordinación con outros servizos formativos da zona.
- j) Elevar ao Concello de Oleiros a Memoria Anual sobre as actividades e a situación xeral da Escola.
- k) Facilitar a información que lle sexa requirida polo Concello de Oleiros sobre calquera aspecto referente á Escola Municipal de Música.
- l) Favorecer a convivencia do alumnado na Escola e garantir o procedemento para impoñer as correccións que correspondan, dacordo coas disposicións vixentes, co Regulamento de réxime interno e cos criterios fixados pola autoridade competente.

Artigo 12.- Xefatura de estudos

1.- Designación.

Todo o profesorado que integre a Escola de Música formará o Equipo docente e entre eles elixirase ao/a xefe/a de estudos.

Cando a prestación do servizo da EMMO a faga o Concello por medio dunha xestión indirecta, o/a xefe/a de estudos da Escola será designado/a pola empresa encargada da prestación do servizo de acordo co prego de condicións que rexan o contrato. A empresa comunicará ao Concello a designación da persoa que asumirá a Xefatura de estudos da Escola.

2.- Competencias do/a xefe/a de estudos.

a. Organizar, coordinar e velar o exercicio das funcións de carácter docente do profesorado e a actividade académica do alumnado en relación co Plan anual da Escola.

b. Elaborar, xunto co resto do equipo directivo da Escola, o horario académico do alumnado e do profesorado, aplicando os criterios pedagóxicos e organizativos que respondan exclusivamente ás necesidades de formación do alumnado.

c. Coordinar coa Dirección da Escola as actividades dos órganos unipersoais de carácter docente.

d. Organizar, coordinar e supervisar todas as actividades de avaliación e probas de acceso.

e. Coordinar as actividades das xefaturas de departamento e das titorías da EMMO.

f. Velar pola convivencia do alumnado na Escola e facer propostas que garantan o bo funcionamento do Regulamento de réxime interno.

g. Resolver, xunto co Equipo docente, as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que o alumnado lle formule á Escola.

h. Programar e coordinar o desenvolvemento das actividades escolares complementarias, extraescolares e servizos seguindo as directrices do Consello Escolar.

i. Por delegación da dirección, exercer a xefatura do profesorado e do alumnado en relación co réxime académico e disciplinario.

Artigo 13: Secretaría

1.- Designación.

Cando a prestación do servizo da EMMO a faga o Concello por medio dunha xestión indirecta, o/a secretario/a da Escola será designado/a pola empresa encargada da prestación do servizo de acordo co prego de condicións que rexan o contrato. A empresa comunicará ao Concello a designación da persoa que asumirá a Secretaría da Escola.

2.- Competencias.

a.- As funcións do/da secretario/a da Escola Municipal de Música serán desempeñadas baixo a dirección, coordinación e supervisión do director/a da Escola.

b. Actuar como secretario/a e redactar a acta das reunións do centro convocadas polo director/a, así como das dos distintos órganos do centro.

c. Expedir a documentación administrativa do centro.

d. Custodiar os libros, arquivos e base de datos do centro.

e. Formular o inventario xeral do centro e mantelo actualizado, dacordo coas instrucións recibidas ao respecto.

f. Exercer, por delegación do/da director/a e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal de administración e servizos do centro.

g. Elaborar, en colaboración co/ca director/a e xefe/a de estudos, a proposta dos documentos e publicacións do centro, especialmente as relativas ás actividades externas e as de información e difusión das ensinanzas impartidas.

h. Colaborar na supervisión do mantemento das instalacións, equipamento, instrumentos, etc.

i. Atender os problemas e solicitudes da súa competencia formulados polo alumnado e profesorado do centro.

j. Colaborar coa Dirección e a Xefatura de estudos na elaboración da Programación Xeral Anual (PXA) do centro e da Memoria anual e no deseño do Proxecto Educativo de Centro (PEC).

Artigo 14: Claustro docente.

1.- Definición.

a. O Claustro é o órgano de participación dos docentes, estará composto por todo o profesorado que imparta calquera materia no exercicio do curso escolar e estará presidido pola Dirección da Escola.

b. A asistencia ás sesións do Claustro é obrigatoria para todos os seus membros. Calquera ausencia haberá de ser debidamente xustificada.

2.- Competencias do Claustro docente.

a. Formularlle á Dirección do Centro propostas para a elaboración dos proxectos do mesmo.

b. Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes, consonte ao Proxecto educativo de Centro e á Programación xeral do Centro.

c. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado da Escola.

d. Elixir aos seus representantes no Consello Escolar e no equipo de dinamización da lingua galega.

Artigo 15: O Consello Escolar

1.- Definición.

O Consello escolar é o órgano de participación no control e goberno da Escola Municipal de Música por parte dos distintos sectores da comunidade educativa.

2.- Composición.

a. A Dirección da Escola que exercerá a presidencia.

b. A Xefatura de Estudos da EMMO.

c. O/A Alcalde/Alcaldesa, ou persoa en quen delegue.

d. Dous representantes de pais, nais ou titores/as legais.

e. Catro profesores/as, elixidos por entre os membros do Claustro.

f. Dous representantes do alumnado.

g. Un representante do persoal de administración e servizos da Escola.

h. Un membro en representación da empresa xestora do servizo cando este se preste por medio de xestión indirecta, designado por aquela.

i. O secretario ou secretaria, con voz e sen voto.

3.- Competencias do Consello Escolar.

a. Ser informado da proposta do nomeamento e cesamento das persoas que forman o Equipo directivo.

b. Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual e das normas de organización e funcionamento (NOF).

c. Elaborar e aprobar o Regulamento de réxime interno (RRI) do Centro.

d. Propoñer iniciativas para o fomento da convivencia na Escola, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.

e. Propoñer, aprobar e avaliar a Programación Xeral da Escola, as actividades complementarias e extraescolares.

f. Fixar as directrices para a elaboración dun plan de colaboración, con fins culturais e educativos, con outros centros, entidades e organismos.

g. Analizar e valorar o funcionamento xeral da EMMO, e a evolución do rendemento escolar do alumnado.

h. Aprobar a memoria anual da Escola sobre as actividades e a situación xeral da Escola.

4.- Ausencia de candidatos/as para formar parte do Consello Escolar.

Se algún dos sectores da comunidade escolar non elixira a súa representación no Consello Escolar por causas a eles imputables, este feito non invalidaría a constitución do Consello.

Artigo 16: Réxime de funcionamento dos Órganos Colexiados da EMMO

1.- Constitución e sesións

a. Os Órganos Colexiados reuniranse, como mínimo, en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque a súa Presidencia ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, a Presidencia realizará a convocatoria no prazo máximo de quince (15) días contados desde o seguinte día a aquel en que se presente a petición.

En todo caso, os Órganos Colexiados reuniranse preceptivamente unha vez ao inicio do curso escolar e outra ao remate deste.

b. Nas reunións ordinarias, a Dirección, cunha antelación mínima dunha semana, convocará a sesión e porá á disposición dos membros dos Órganos Colexiados a orde do día e, na medida do posible, a documentación correspondente aos asuntos para tratar. A orde do día dunha sesión ordinaria incluírá sempre un punto de rogos e preguntas. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, a non ser que estean presentes todas as persoas compoñentes do Consello Escolar, e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de 48 horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de convocatorias urxentes.

c. Para a válida constitución dos Órganos Colexiados de goberno, para a realización das sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da Dirección, da Secretaría, ou daqueles que os substitúan, e cando menos da metade dos membros do correspondente Órgano Colexiado.

Se non existise quorum, o órgano constituirase en segunda convocatoria. Neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos membros e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da Dirección e da Secretaría ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan.

d. A Dirección presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos debates e poderá suspendelas por causas xustificadas.

e. Aprobación de propostas.

A aprobación dunha proposta farase por maioría simple, sempre que sexan positivos ao menos un terzo dos votos emitidos. No caso de que o número de votos afirmativos e negativos fora idéntico, repetiríase a votación; caso de persistir empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

En calquera caso, se o número de votos determinantes dunha decisión non acadara o tercio do total de votos emitidos abrírase unha quenda pechada de intervención e repetirase a votación, en forma secreta, adoptándose o acordo pola maioría simple.

Requirirase a maioría cualificada de dous tercios das persoas membros do Consello Escolar para:

- Aprobación e modificación do Proxecto Educativo de Centro.
- Modificación do Regulamento do Réximo Interno da Escola.

As votacións efectuaranse, polo xeral, a man alzada, agás que se refiran a nomes de persoas. O presidente poderá decidir a realización de votación secreta por iniciativa propia ou por solicitude dalgunha persoa membro do Consello; cando tal solicitude non sexa atendida pola Presidencia, o Consello Escolar decidirá previamente e a man alzada o tipo de votación a efectuar. Nengunha persoa que sexa membro do Consello Escolar poderá ser substituída nen delegar o seu voto.

f. Asistencia ao Consello Escolar.

Os membros do Consello estarán exentos, durante o tempo que dure a reunión, de calquera responsabilidade de tipo académico que derive da súa asistencia ao mesmo.

g. Suspensión e reanudación das sesións.

Cando as circunstancias así o aconsellen, a Presidencia poderá suspender temporalmente a sesión. Igualmente, calquera outro membro do Consello Escolar poderá propoñer a suspensión temporal da sesión, facéndose esta efectiva de aprobarse por maioría simple. En todo caso, a Presidencia establecerá o momento da reanudación da sesión, que non poderá exceder de unha semana.

h. Actas.

De cada sesión, o/a Secretario/a será a persoa encargada de redactar a acta, especificando os/as asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo na que foi celebrada, os puntos principais das deliberacións, a forma e resultado das votacións e o contido dos acordos.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstenición e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable, así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala a Presidencia, o texto que corresponda fielmente á súa intervención, facéndose así constar na acta, ou achegando copias á mesma.

As actas das sesións estarán asinadas polo/a secretario/a co visto e prace do/da director/a e aprobaranse ao final da mesma ou en sesión ordinaria inmediatamente posterior.

Os borradores de actas pendentes de aprobación das sesións celebradas anteriormente poderán ser remitidos aos membros do Consello coa convocatoria de sesión na que ditas actas deban aprobarse. Non obstante, calquera membro do Consello poderá solicitar a lectura de toda ou parte da acta no momento da súa aprobación. As actas aprobadas no Consello serán públicas.

h. Convidados/as ás sesións do Consello Escolar.

O/A director/a poderá convidar ás sesións, con voz pero sen voto, a persoas implicadas nas súas decisións ou cuxa información considere de interese. Estará obrigado/a a convidar as persoas implicadas nas súas decisións ou cuxa información se considere de interese sempre que sexa solicitado por un tercio das persoas que forman o Consello Escolar.

Capítulo 3.- Procedemento e prazos de matrícula

Artigo 17 .- Renovación de matrículas

1.- Poderán solicitar a renovación de matrícula aqueles/as usuarios/as que sendo alumnos/as oficiais o curso escolar inmediatamente anterior queiran seguir tendo esa condición no seguinte curso.

2.- As persoas que desexen renovar a súa praza, deberán acreditar que seguen a ter os requisitos establecidos no artigo 3 “Beneficiarios/as do servizo” do capítulo 1 deste regulamento.

Para a renovación de praza, os/as interesados/as deberán cubrir o impreso de matrícula, aboar o prezo público aprobado polo Concello e achegar o xustificante de aboamento e a documentación que se lle requira, nos prazos oficialmente establecidos.

3.- Aqueles/as usuarios/as debedores/as dun ou máis prezos públicos de calquera curso escolar, non poderán renovar a súa matrícula agás que aboen as súas débedas, e así o xustifiquen documentalmente antes do inicio do prazo de renovación previsto.

4.- No período de renovación da matrícula o alumnado poderá solicitar cambio da súa especialidade instrumental a outra.

5.- A atribución da orde para a adxudicación de praza farase seguindo o método de sorteo de letra alfabética.

Artigo 18 .- Solicitudes de novo ingreso

1.- As solicitudes de novo ingreso faranse no modelo de “pre-inscrición” que a EMMO facilitará aos/ás solicitantes, e se determinará nel a orde de preferencia (1º, 2º e 3º) entre as diferentes especialidades instrumentais. No caso de solicitantes que teñan entre 4 e 7 anos de idade, deberán sinalar o Nivel I (4 e 5 anos) ou o Nivel II (6 e 7 anos). As solicitudes presentaranse en forma e prazo na Secretaría-Administración da escola en horario de atención ao público.

2.- Antes de que se abra o prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso, e unha vez feita a renovación de prazas mais os cambios de especialidade instrumental, exporase ao público a relación de prazas libres nos ámbitos da “Música e movemento” e da “Especialidade instrumental”.

3.- A adxudicación de prazas, realizarase segundo a orde obtida polo sistema de sorteo de letra alfabética das solicitudes de pre-inscrición e segundo as prazas libres que se oferten.

4.- Publicarase unha listaxe de espera, composta por aqueles/as solicitantes que non obtiveran praza para o curso escolar obxecto da solicitude. A dita listaxe tamén quedará confeccionada segundo o criterio de orde por sorteo alfabético e quedará sen efecto para o inmediato seguinte curso escolar.

Artigo 19 .- Formalización da matrícula

1.- As persoas ás que lles corresponda unha praza, deberán aboar e formalizar a matrícula no período oficialmente establecido que se determine polo órgano competente.

2.- A falta de formalización da matrícula dentro do prazo establecido para o efecto, deixará sen efecto a adxudicación previa de praza, pasando a ser ocupada pola seguinte persoa da lista de reserva.

3.- Documentación a presentar para a matriculación.

O alumnado, os pais, as nais ou representantes legais (no caso de seren estes menores), deberán presentar para se matricular, os seguintes documentos:

a) A copia do aboamento da matrícula nunha entidade bancaria (modelo de autoliquidación do Concello de Oleiros).

b) Unha copia cotexada do libro ou libros de familia completos da unidade familiar.

- c) Unha copia cotexada do título de familia numerosa, en vigor, se houber o caso.
- d) Unha copia cotexada do documento que acredite a identidade do/da alumno/a.
- e) Unha fotocopia dos documentos que acrediten fidedignamente a tutela legal dos/das menores en caso de divorcio, acollemento ou calquera outra situación análoga.
- g) No caso de alumnos/as con NEE presentárase un informe do organismo competente no que se indique o grao de discapacidade, así como as necesidades de integración, no seu caso.
- h) No caso de alumnos/as pertencentes á categoría de “familia numerosa”, estes/estas deberán achegar unha copia cotexada do título de familia numerosa en vigor.

Artigo 20.- Procedemento de matrícula

En primeiro lugar, abríase o prazo de renovación de matrículas de Especialidade Instrumental que será para todos os cursos escolares o día 1 de marzo. Se este día fose non lectivo pasaría ao inmediato día lectivo seguinte. Rematado o prazo anterior, publicaranse as prazas vacantes que se ofertan para as Especialidades Instrumentais.

En segundo lugar, abríase o prazo de renovación de matrículas de Música e Movemento e a matrícula do alumnado que promova de Música e Movemento II a Especialidade Instrumental. Unha vez rematado este proceso, publicaranse as prazas vacantes de Música e Movemento e Especialidade Instrumental.

A continuación, comezará o proceso para a solicitude de prazas libres, entendendo por estas, aquelas que resulten das prazas non renovadas en tempo e forma e daquelas que se oferten de nova creación para o curso escolar obxecto de matrícula. Para iso, abríase un período de pre-inscrición para optar ao ámbito de Música e Movemento ou ao de Especialidades Instrumentais. Para a adxudicación de praza realízase un sorteo de letra alfabética, a partir da cal se irán cubrindo as prazas segundo o número de vacantes ofertadas. Deste proceso, se formarán as listaxes de prazas adxudicadas de vacantes, dando publicidade a estas, abrindo un período de alegacións e a publicación da súa resolución.

Por último, realízase a formalización da matrícula. Neste proceso, deberase aboar o prezo público legalmente aprobado polo Concello, entregar na secretaría da EMMO o xustificante de aboamento, e a documentación complementaria que se lle solicite. Rematado o proceso de formalización de matrícula, publicarase a listaxe do alumnado oficial e aquel que estará en espera de praza durante o curso escolar.

Procederáse á apertura dun período extraordinario de solicitude de praza para Música e Movemento e para Especialidades Instrumentais. Este período abranguerá desde o 1 de setembro e rematará o último día lectivo de febreiro, coa finalidade de cubrir prazas vacantes que vaian producindo e que non se dean cuberto a través da listaxe de espera. A desafección da listaxe de espera producirase o último día lectivo do mes de febreiro.

As datas do proceso de matrícula serán ditadas polo órgano municipal competente, e publicaranse nos taboleiros oficiais da EMMO, do Concello de Oleiros e do CC A Fábrica.

Artigo 21.- Cobertura de prazas durante o curso escolar

1.- Solicitantes incluídos/as na listaxe de espera

As baixas que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde entre os/as solicitantes en listaxe de espera. No caso de que o/a solicitante rexeite a praza que lle corresponde ocupar por orde na listaxe de espera, pasará ao último lugar da lista, agás que xustifique que a dita renuncia se debe a unha causa de forza maior.

Artigo 22.- Baixa dos/das usuarios/as da Escola Municipal de Música

1.- Causarase baixa na EMMO:

- a) Por ter rematado con éxito académico o derradeiro curso do Plan de Estudos da Escola.
- b) Por solicitude do/da alumno/a, ou dos seus pais/nais ou representantes legais (no caso de menores) que se presentará no rexistro de entrada da EMMO.

A dita solicitude deberá ser presentada durante os quince primeiros días do mes anterior ao que se desexe causar baixa, de xeito que se evite o cargo do prezo público correspondente ao dito mes.

- c) Pola falta de pagamento do prezo público de dúas (2) mensualidades consecutivas, ou alternas, calquera que sexa o curso escolar ao que se refire a débeda.
- d) Por comprobación de falsidade, ocultación ou manipulación nos documentos ou datos presentados.
- e) Pola non presentación da documentación que lle sexa requirida dentro do prazo establecido regulamentariamente.
- f) Pola utilización instrumental ou fraudulenta do Padrón Municipal.

g) Pola falta de asistencia á clase segundo as condicións aprobadas polo Consello Escolar da escola.

h) Por calquera outra causa que veña reflectida no Regulamento de réxime interior e outras normas que teña aprobado o Concello, e que así o indique.

2.- As baixas producidas por calquera dos motivos anteriores, cubriranse tendo en conta a listaxe de espera, por rigorosa orde.

3.- Cando se acorde a baixa dun/dunha alumno/a pola causa descrita na letra d) do apartado 1 deste artigo, os responsables deberán aboar a diferenza entre o importe da matrícula ou mensualidade/s que viñan pagando e o que lle correspondería de non térselle aplicado as circunstancias que se tivesen alegado con utilización de falsidade, ocultación ou manipulación.

4.- O feito de causar baixa non implica a devolución do prezo da matrícula, agás que a causa sexa imputable á Administración.

Capítulo 4.- Condicións de emprego das instalacións e materiais

Artigo 23.- Uso das instalacións, mobiliario e material do centro

1 - A EMMO dispón do mobiliario e do material axeitados ao ensino que se imparte.

2.- O alumnado, o profesorado e o persoal da administración e servizos da EMMO deberán facer bo uso tanto das instalacións, como do mobiliario e do material do centro. A neglixencia no seu emprego, a deterioración malintencionada destes poderá ser causa das responsabilidades correspondentes.

3.- As instalacións e o instrumental poderán ser empregados, tanto polo alumnado como polo profesorado, fóra do horario docente, coa solicitude previa por escrito ao Concello de Oleiros. No caso do alumnado menor de idade, o dito escrito deberá constar coa sinatura e co visto e praxe do pai/nai ou do/da titor/a do/da alumno/a.

4.- Calquera outra persoa, asociación ou entidade allea ao centro, no suposto de querer utilizar as instalacións e/ou o material instrumental, deberá solicitalo por escrito ao Concello de Oleiros.

Artigo 24.- Préstamo do fondo instrumental municipal

A EMMO terá un servizo destinado a emprestar o fondo instrumental municipal para aquel alumnado que comeza co estudo dun instrumento, e desexe utilizalo ata mercar un propio que o substitúa, ou que por causa de forza maior, necesiten a substitución temporal do instrumento propio.

En calquera caso, o préstamo instrumental estará suxeito ás condicións seguintes:

1.- O/A usuario/a, ou persoa que o represente legalmente, realizará unha solicitude de préstamo dirixida ao Concello de Oleiros na que deberán constar os datos persoais do/da alumno/a, así como o informe favorable do seu/súa profesor/a titor/a e do director/a pedagóxico da EMMO.

2.- A dita solicitude virá asinada polo/a alumno/a, se é maior de idade, ou polo pai/nai ou titor/a se é menor.

3.- O sentido da resolución da dita solicitude poderá ser positiva ou negativa. No caso de ser positiva, o/a alumno/a deberá recoller o instrumento na sede da Escola. No caso de ser negativa, terá un prazo de cinco días hábiles para presentar as alegacións que considere oportunas.

4.- Cada instrumento e /ou material obxecto de préstamo, terá un prezo público que se aboará mensualmente polo/a usuario/a, e que se determinará polo órgano ao que lle competa fixalo.

5.- O período de préstamo do instrumental non será, en ningún caso, superior a un curso escolar. Se fose necesario ampliar o dito prazo, o/a interesado/a deberá volver a solicitalo.

6.- O/A usuario/a deberá facer bo uso do instrumento emprestado, no caso contrario poderá incorrer en responsabilidades que serán determinadas polo órgano competente.

7.- No caso de dano, avaría, rotura ou desaxuste do instrumento, será o alumno o encargado da súa reparación, posta a punto ou reposición. O Concello non se responsabilizará, en ningún caso, dos ditos arranxos.

8.- No suposto de perda ou extravío do instrumento, o usuario deberá repoñer o material coa mesma marca e modelo. Se este se atopase descatalogado será entregado ao Concello de Oleiros un modelo da mesma ou superior calidade.

9.- Unha vez rematado o prazo de préstamo, o/a usuario/a deberá entregar na Secretaría do centro o instrumento utilizado, en perfectas condicións, asinando nese momento o reintegro do dito material. A Dirección da Escola deberá emitir un informe sobre o estado do instrumento que fará chegar ao responsable municipal do servizo.

10.- O Concello de Oleiros, poderá solicitar o reintegro do instrumento para a súa inspección ou utilización en calquera momento, cunha antelación mínima de 24 horas.

Artigo 25.- Préstamo das uniformidades municipais para as agrupacións da EMMO

1.- Co obxecto de proxectar unha imaxe uniforme, o Concello de Oleiros dotará as agrupacións da EMMO, que considere oportunas, de elementos de vestiario cunha imaxe corporativa municipal.

2.- As agrupacións obxecto de uniformidade serán preferentemente aquelas que estean consolidadas en canto ao número axeitado de membros participantes e cun repertorio musical suficiente para ofertar actuacións públicas durante todo o ano.

3.- Os membros das agrupacións destinatarias de uniformidade, recollerán dito material, na Secretaría da Escola, en concepto de cesión para uso exclusivo nos concertos que acorden a Escola ou o Concello de Oleiros.

4.- A cesión dos uniformes será de carácter gratuito, comprometéndose cada persoa que o recolla (pai/nai ou titores/as legais no caso de menores) ao seu coidado, garda, mantemento, limpeza, reparacións e composturas.

5.- Cando algunha das pezas do uniforme non admita máis composturas por mor dos cambios fisiolóxicos da persoa, esta deberá entregalo de novo ao Concello de Oleiros.

6.- Se por extravío, deterioración grave ou calquera outra circunstancia o/a usuario/a non puidese devolver o uniforme nas mesmas condicións en que o recibiu, este deberá repoñelo por un de igual calidade e características que o anterior no prazo máximo dun mes. No caso de incumprimento desta obriga, o Concello poderá reclamar o importe do ben por vía de constrinximento ademais da posible sanción que se desprendera.

Capítulo 5.- Tarifas ou prezos públicos**Artigo 26.- Tarifas ou prezos públicos**

1.- As tarifas ou prezos públicos a aplicar na EMMO serán as aprobadas polo Concello de Oleiros de acordo coa normativa aplicable.

2.- O pagamento das tarifas ou prezos públicos por mensualidades serán aboadas mediante domiciliación bancaria, agás a correspondente á matrícula que deberá ser aboada a través do modelo oficial de autoliquidación. De xeito excepcional poderase establecer outro medio de pagamento cando se produzan circunstancias que, a xuízo do Concello de Oleiros, sexan de entidade suficiente como para facer necesario habilitar un medio de pagamento axeitado ao caso concreto, que será determinado polo propio Concello de Oleiros.

3.- A falta de asistencia do/da alumno/a non supón dispensa no pagamento das mensualidades mentres non se formalice ou se acorde a baixa correspondente segundo as condicións e procedemento descritos neste regulamento.

4.- Cando as circunstancias que orixinaran unha bonificación no prezo público para un/unha determinado/a usuario/a cambiasen, poderase revisar esta bonificación para axustala ás novas circunstancias que a orixinasen. Os/As interesados/as estarán obrigados a comunicar á EMMO calquera variación que se produza nas circunstancias iniciais. A Administración da EMMO deberá comunicar os ditos cambios á persoa responsable municipal, quen resolverá sobre a actualización da tarifa de acordo coas novas circunstancias. O procedemento de revisión das tarifas poderá incoarse de oficio polo Concello de Oleiros cando teña coñecemento da variación naquelas circunstancias.

Capítulo 6.- Dereitos e deberes dos/das usuarios/as da EMMO**Artigo 27.- Dereitos das persoas usuarias**

Os/As usuarios/as da EMMO teñen os seguintes dereitos:

- a) A recibir información sobre a educación musical neste tipo de centros.
- b) A ser avaliado con obxectividade na súa aprendizaxe musical.
- c) A recibir unha educación musical axeitada e acorde coas súas necesidades específicas.
- d) A recibir orientación pedagóxica no ámbito da súa educación musical.
- e) A non sufrir ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, lingua, relixión, ideoloxía, ou calquera outra situación, ou circunstancia persoal.
- f) Ao sivilo profesional sobre os seus datos persoais, académicos, historia social, ou sanitaria.
- g) A realizar as saídas e intercambios escolares velando pola súa seguridade, sempre e cando vaian acompañados do profesorado que a lexislación vixente obrigue, e en todo caso con autorización escrita por parte dos pais/nais ou representantes legais, se fosen menores de idade.
- h) A visitar as instalacións antes do comezo do curso escolar e ao longo deste a ter entrevistas persoais cos seus profesores, titores ou cargos directivos da Escola, cando así o soliciten, sen entorpecer o transcurso normal da docencia.

i) A elixir democráticamente os seus representantes, podendo a través deles exercer os seus dereitos diante do profesorado, Dirección do centro ou Consello Escolar.

j) Solicitar cantas explicacións consideren oportunas sobre as valoracións do seu proceso de aprendizaxe musical. No suposto de desacordo sobre as valoracións pedagóxicas, o alumnado poderá solicitar por escrito a revisión delas.

k) A EMMO dará axeitada publicidade a todo o proceso de matriculación: prazas ofertadas por niveis e especialidades; prazos para a realización de solicitudes; listaxes de pre-inscritos, e matriculados provisional e definitivamente; períodos de reclamacións e vixencia das listaxes de espera.

l) Protección de datos de carácter persoal:

Os datos de carácter persoal que figuren nos formularios de preinscripción, matrícula ou renovación de matrícula, así como os xerados durante o curso no que se matriculou, serán incorporados a un ficheiro do que é titular o Concello de Oleiros. Os titulares dos datos poderán exercer gratuitamente os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito, acompañado de fotocopia de DNI ou documento equivalente, presentado no Rexistro do Concello ou por outros xeitos que se determinen ao recoller os datos.

Artigo 28.- Deberes dos/das usuarios/as

Os/As usuarios/as da EMMO terán os seguintes deberes:

a) Aboar as mensualidades e outras taxas ou prezos públicos que legalmente se aproben, e que lle correspondan segundo o seu curso, nivel, especialidade ou outra circunstancia.

b) Cumprir as normas sobre a utilización do centro, o material didáctico, instrumental e os servizos establecidos neste regulamento e as normas que en cada caso determine o Concello ou o a Escola.

c) Manter unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración, encamiñada a facilitar unha mellor convivencia con toda a comunidade educativa da EMMO.

d) Asistir as sesións docentes con puntualidade e participar nas actividades do centro inspiradas no proxecto educativo, no plan xeral anual e nos plans de estudos.

e) Comunicar cun mínimo de 24 horas de antelación a falta de asistencia a clase, de xeito que a EMMO poida reorganizar as sesións docentes para o seu profesorado e alumnado.

Capítulo 7.- A Banda Sinfónica da Escola Municipal de Música de Oleiros (BEMMO)

Artigo 29.- Natureza da Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros

A Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros terá un carácter agrupativo e colectivo de carácter altruísta, estará fundamentalmente constituída por alumnado da dita Escola residente no municipio, e ten por obxecto a formación de afeccionados/as á cultura musical bandística e á súa divulgación entre o público en xeral. En todo caso, a BEMMO é unha agrupación dependente dos órganos unipersoais e colexiados da Escola Municipal de Música de Oleiros e polo tanto das directrices e normas que aproben aqueles.

Artigo 30.- Organización e funcionamento da BEMMO

A organización, órganos unipersoais e colexiados, e funcionamento da Banda estarán suxeitos xerárquicamente ás normas de funcionamento e aos órganos da Escola Municipal de Música e do Concello de Oleiros. A organización e funcionamento da BEMMO pretenden dotar de instrumentos operativos a esta agrupación.

1.- Organización da Banda.

A Banda terá os seguintes órganos:

a) Unipersoal: O/A director/a da BEMMO

b) Colexiado: O Consello da BEMMO

2.- O/A director/a

a) O/A director/a da Banda será nomeado polo director da Escola Municipal de Música, á proposta do Consello da Banda.

b) O mandato do director non terá prazo determinado e poderá ser cesado á proposta do órgano que o nomeou, seguindo o mesmo proceso que para o nomeamento.

3.- Funcións do director

Serán funcións do director:

- a) A dirección técnica da Banda, de conformidade co programa de obxectivos que aprobe o Consello da Banda. O dito programa terá que ser aprobado no Consello Escolar e incluído no Plan xeral anual.
- b) A impartición das docencias das seccionais da Banda.
- c) A dirección e docencias das agrupacións de “prebandas” que se constitúan na Escola.
- d) Avaliación da cualificación dos/das candidatos/as que desexen integrarse na Banda.
- e) Propoñer ao Consello da Banda o réxime de ensaios, a organización das actuacións, o material musical, partituras e mobiliario a dotar.
- f) Velar pola orde e cumprimento das normas e da disciplina dos membros da Banda.
- g) Elevar ao Consello da Banda as faltas que cometan os membros.

4.- O Consello da Banda

O Consello da Banda é un órgano de participación e xestión desta.

a) O Consello da Banda estará composto por:

- O alcalde, ou concelleiro/a delegado/a, que o presidirá.
- O/A director/a da Banda, como vicepresidente.
- O/A director/a da Escola Municipal de Música.
- Un representante dos membros da Banda.
- O/A secretario/a, que será o/a secretario/a da Escola.

b) Funcións do Consello da Banda.

- A aprobación da programación das actividades da Banda para cada curso escolar.
- A recepción, e no seu caso aprobación, da memoria de cada curso escolar das actividades realizadas pola Banda.

5.- Participación.

a) Poderán participar como membros da Banda:

- O alumnado da EMMO que, a criterio técnico do/a director/a da Banda, reúna as condicións de aptitude e actitude axeitadas para integrarse nesta agrupación.
- O profesorado da EMMO que, a criterio do/a director/a da Banda, poida integrarse na agrupación con funcións de apoio e reforzo.
- Estudantes, empadroados no Concello de Oleiros, doutros centros de educación musical públicos ou privados.
- Puntualmente, estudantes ou músicos non empadroados no Concello de Oleiros e que a súa participación axude á mellora musical da Banda, sempre e cando que a súa praza non impida o acceso de membros empadroados/as.

b) A relación dos membros da Banda co Concello enténdese como prestación gratuíta, e desprovista de todo carácter laboral, non tendo dereito a reclamar ao Concello retribución nin ningún premio.

Capítulo 8.- Infraccións e sancións

Artigo 31.- Infraccións

1.- Consideraranse faltas leves as seguintes condutas:

- a) A desobediencia das instrucións e/ou advertencias que o persoal directivo, docente e/ou de administración e servizos da EMMO determine co fin de cumprir este regulamento ou outras normas que os órganos do Concello e a Escola aproben, en especial os artigos referentes ao comportamento das persoas usuarias e a utilización das instalacións, que se consideren leves.
- b) Causar por uso indebido danos leves nas instalacións, material didáctico, instrumental, documental ou calquera outro de propiedade municipal ou pertencente a calquera membro da comunidade educativa.
- c) Entrar ou empregar espazos ou materiais sen autorización expresa.
- d) A indisciplina, desatención e outras actitudes negativas cara á convivencia ou á aprendizaxe en clase que se consideren leves.

2.- Consideraranse faltas graves as seguintes condutas:

- a) A reiteración de cinco faltas leves nun mesmo curso escolar.

b) A falta grave de respecto cara ao persoal directivo, docente, da administración e dos servizos , ou demais persoas pertencentes á comunidade educativa da EMMO.

c) A agresión física ou moral, e a discriminación grave contra calquera persoa da comunidade educativa.

d) Causar por uso indebido deterioración grave das instalacións, material didáctico, instrumental, documental ou calquera outro ben de propiedade municipal ou pertencente a calquera membro da comunidade educativa.

e) A subtracción de obxectos ou bens situados nas instalacións e pertencentes á comunidade educativa.

f) A negativa a reparar o instrumento ou a uniformidade emprestados para o seu emprego en actividades aprobadas polos órganos competentes da EMMO.

g) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento da vida do centro.

h) O incumprimento das sancións impostas pola comisión de faltas leves.

3.- Consideraranse faltas moi graves:

a) A comisión de dúas faltas graves nun mesmo curso escolar.

b) As accións ou incitacións sistemáticas que prexudiquen moi gravemente ou supoñan riscos moi graves para a saúde de calquera membro da comunidade educativa da EMMO.

c) As accións intencionadas que impliquen unha deterioración moi grave ou irreversible nas instalacións, material didáctico, instrumental, documental ou calquera outro ben de propiedade municipal ou pertencente a calquera persoa da comunidade educativa.

d) A negativa a repoñer e entregar ao Concello de Oleiros calquera instrumento, material, uniformidade ou ben municipal por mor da súa perda ou extravío imputable ao usuario.

e) As faltas tipificadas como graves se concurren circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.

Artigo 32 .- Sancións

1.- As faltas leves:

a) Amonestación privada.

b) Amonestación por escrito aos/ás infractores/as, ou aos seus/súas pais, nais ou titores/as do alumnado no caso de seren menores.

2.- As faltas graves:

a) Serán sancionadas cunha multa de 50 € a 200 €.

b) Amonestación por escrito aos/ás infractores/as, ou aos seus/súas pais, nais ou titores/as no caso de seren menores. Incluirase un informe detallado do profesor da materia e do director da Escola.

c) Realización de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, se procede, ou á mellora e desenvolvemento das actividades da Escola. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.

3.- As faltas moi graves

a) Serán sancionadas cunha multa de 201 € a 500 €.

b) Privación definitiva de participar en algunhas actividades complementarias ou extraescolares.

4.- Cando se trate da subtracción dun ben municipal, este deberá ser devolto ou ben aboado o seu valor no importe que determine o Concello.

5.- En todos os supostos de deterioración do material ou instalacións da EMMO estes levarán aparellada a reparación do dano causado á conta do/da infractor/a. No caso de negativa á reparación do material didáctico ou instrumental, esta poderá ser executada subsidiariamente polo Concello de Oleiros, e obrigar ao pagamento da súa reparación, que en todo caso será fixado polo Concello.

6.- As sancións impostas en cumprimento deste regulamento son independentes das responsabilidades civís, penais ou de calquera orde en que puidesen incurrir os/as autores/as de danos aos bens ou instalacións.

7.- Aos efectos da graduación da sanción:

a) Consideraranse circunstancias atenuantes:

- O espontáneo recoñecemento da falta.

- Non ter sido obxecto de sancións con anterioridade.

- No caso de existiren danos a material ou bens mobles ou inmobles, a súa reparación fóra do horario lectivo, antes de recaer a resolución do expediente.

- A petición pública de excusas, estimadas como suficientes nos casos de inxurias, ofensas ou alteración do normal desenvolvemento da actividade da Escola.

- Non ter tido intención de causar deliberadamente, dano ou perxuízo tan grave como o ocasionado.

b) Considéranse circunstancias agravantes:

- Cando a sustracción, agresión, inxuria ou ofensa se realice contra quen concorra unha situación de menor de idade, minusvalía ou recente incorporación á Escola.

- A existencia de intencionalidade en causar o dano.

- A incitación ou estímulo á falta colectiva.

8.- A concurrencia dunha ou máis circunstancias agravantes ou atenuantes será tida en conta na resolución do expediente, aos efectos de elevar ou diminuír a graduación da sanción e, no seu caso, elevar ou diminuír a calificación da falta.

9.- A comisión da falta fóra da Escola de Música, non será óbice para a aplicación do presente Regulamento cando este se efectúe durante o desenvolvemento das actividades complementarias ou extraescolares programadas polo Centro.

Artigo 33.- Garantías procedimentais

1.- En ningún caso se poderá impór unha sanción sen que se tramitara o necesario procedemento sancionador.

2.- Non poderán imporse sancións por faltas graves ou moi graves sen a previa instrucción dun expediente.

Para a imposición de sancións por faltas leves non será preceptiva a previa instrucción de expediente, agás o trámite de audiencia.

3.- As faltas leves serán sancionadas polo/pola profesor/a correspondente, ou director/a da Escola.

a) A comisión de faltas graves ou moi graves será sancionada polo Alcalde/Alcaldesa do Concello ou Concelleiro/a en quen delegue.

b) Se se trata de alumnos/as menores de idade, porase en coñecemento dos seus pais/nais ou titores/as a falta cometida e a sanción que, no seu caso se impuxera.

4.- A instrución do expediente disciplinario por feitos que poidan constituír falta grave ou moi grave será acordada, tras a recollida da necesaria información, polo Director/a do Centro.

a) A instrución do expediente levarase a cabo por un/unha Profesor/a da Escola, designado polo/a Director/a. Da incoación darase inmedita comunicación ao /á alumno/a ou, no caso de dos/das menores de idade, aos pais/nais, titores/as ou responsables legais do/da menor.

b) O alumnado ou os seus/súas pais/nais ou titores/as poderán recusar o instructor diante do /da Director/a cando da súa conduta ou manifestacións poidan inferirse falta de obxectividade.

c) A instrución do expediente deberá acordarse no menor prazo posible, en todo caso, non superior aos dez días desde que se tivo coñecemento dos feitos tipificados como faltas sancionables neste Regulamento.

d) O comezo do procedemento comunicárase ao Concello de Oleiros, manténdoa informada da tramitación ata a súa resolución.

e) Instruído o Expediente darase audiencia ao/á alumno/a e, se é menor de idade, aos seus pais/nais ou titores/as, coa notificación, polo menos, das faltas que se imputan e a proposta de sanción que se eleve ao Alcalde/Alcaldesa do Concello ou Concelleiro/a en quen delegue.

O prazo de instrución do expediente non deberá exceder de sete días.

5.- Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento ou en calquer momento da súa instrución, o/a Director/a, por decisión propia ou a proposta do/da instructor/a, poderá adoptar as medidas provisionais que considere oportunas. Estas medidas serán adoptadas motivadamente. As medidas provisionais poderán consistir na suspensión do dereito de asistencia á Escola ou a determinadas clases ou actividades por un periodo que non será superior aos tres días. As medidas adoptadas serán comunicadas ao Consello Escolar, que poderá revocalas en calquer momento.

6.- A resolución, que en todo caso deberá ser motivada, deberá conter os feitos que se lle imputan ao/á alumno/a, os fundamentos xurídicos nos que se basea a imposición da sanción, as circunstancias agravantes e atenuantes no seu caso, o contido da sanción con expresión da data a partir da cal esta produce os seus efectos, o órgano ante o que cabe interpor a reclamación contra a sanción imposta e o seu prazo de interposición.

- a) A resolución notificárase de modo fehaciente ao/á interesado/a ou aos seus/súas representantes legais.
- b) Contra devandita resolución o interesado poderá interpor reclamación ante o Concello de Oleiros no prazo de dez días hábiles, contados a partir da data da recepción da notificación da sanción.
- c) Contra a desestimación da reclamación, o interesado poderá interpor o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a partir da recepción da notificación do acordo.

Artigo 34.- Prescrición e cancelación.

1.- As infraccións e sancións por faltas moi graves prescribirán aos dezaoto meses, as graves aos nove meses e as leves aos tres meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

2.- Das sancións impostas pola comisión de faltas graves e moi graves conservarase constancia no expediente académico individual do/da alumno/a.

3.- A cancelación das anotacións sobre sancións existentes no expediente académico individual do/da alumno/a poderá efectuarse a instancia deste ou dos/das seus/súas representantes legais e do/da profesor/a. Para obter a cancelación será en todo caso necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o/a alumno/a cumprira a sanción imposta.
- b) Que desde o cumprimento da sanción imposta ao/á alumno/a transcorra o prazo de seis meses para as faltas graves e un ano para as faltas moi graves.
- c) Que o/a alumno/a, durante os prazos sinalados no parágrafo anterior, non cometese unha nova infracción constitutiva de falta.
- d) A solicitude de cancelación formalizárase por escrito ante o Concello de Oleiros, quen solicitará da Dirección da EMMO a elaboración dun informe sobre o cumprimento dos requisitos enumerados no apartado anterior. Recibido o informe, con carácter previo á resolución, darase audiencia ao interesado.

Disposición final.- Este regulamento entrará en vigor tras a publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, consonte o establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO 1.- Cadro do proceso e prazos de matrícula da EMMO

Fases	Prazos Inicio: 1 marzo	Accións
1ª.-Renovación das matrículas oficiais	10 días	Solicitudes de renovación de matrículas de Instrumento.
	5 días	Publicación das prazas vacantes de Instrumento.
	7 días	Solicitudes de renovación de matrículas de MM + matrículas de MMII a Instrumento.
	5 días	Publicación de prazas vacantes en MM e Instrumento.
2ª.- Matrícula de prazas libres	7 días	Pre-inscripción libre para ámbitos de MM e Instrumento.
	2 días	Sorteo de letra para adjudicar MM e Instrumento.
	5 días	Publicación de prazas adjudicadas de MM, Instrumento e listaxes de espera. Apertura do prazo de alegacións.
	10 días	Alegacións ás prazas adjudicadas/ listaxe de espera.
	5 días	Publicación dos resultados das alegacións
	10 días	Formalización das matrículas de MM e Instrumento. Aboamento das taxas e entrega de documentación.
	2 días	Publicación matriculados e listaxe de espera de MM e Instrumento.
3ª.- Matrícula de prazo extraordinario	1 setembro - Último día lectivo de febreiro	Período extraordinario de solicitude de praza en MM e instrumento. Listaxe de espera por orde de rexistro.
	Último día lectivo de febreiro	Desafección de listaxe de espera curso escolar vixente.

Os prazos contaránse a partir do día seguinte ao remate do prazo inmediatamente anterior.

As datas que coincidan en non lectivas pasarán ao día seguinte lectivo, adaptándose en canto ao nº de días de prazo entre datas.

o Abreviaturas

- EMMO: Escola Municipal de Música de Oleiros
- MM: Música e movemento.
- BEMMO: Banda Sinfónica da Escola Municipal de Música de Oleiros."

OLEIROS, 4 DE ABRIL DO 2013

O ALCALDE

ANGEL GARCIA SEOANE

2013/4272